

XUÑO 2006

A instauración da Segunda República supón o inicio dunha serie de reformas en diversos ámbitos, como os que aparecen reflectidos nos documentos 1, 2 e 3. Á luz dos textos, debes comentar cada unha das cuestións que se citan nelas, sen esquecer tratar no seu conxunto a política de reformas atendendo á súa caracterización xeral, ás forzas sociais e políticas que a promoveron e a aquelas que se opuxeron (Doc.4), e aludindo ás derivacións ou desenlace da confrontación en torno a tales medidas.

Doc. 1.-No seguinte discurso (13 de outubro de 1931), Manuel Azaña refírese aos principais problemas que debe afrontar a República, prestando especial atención á cuestión relixiosa:

“A revolución política, é dicir, a expulsión da dinastía e a restauración das liberdades públicas, resolveu un problema específico de importancia capital, ¡quen o dubida!, pero non fixo máis que suscitar e enunciar aqueles outros problemas que han transformar o Estado e a sociedade españois ata a raíz. Estes problemas, ao meu curto entender, son principalmente tres: o problema das autonomías locais, o problema social na súa forma máis urxente e aguda, que é a reforma da propiedade, e este que chaman problema relixioso, e que é en rigor a implantación do laicismo do Estado con todas as súas inevitables e rigorosas consecuencias. Ningún destes problemas os inventou a República (...). Refírome a iso que chaman problema relixioso. A premisa deste problema, hoxe político, formúloa eu desta maneira: España deixou de ser católica”.

Doc. 2.-Lei de Bases da Reforma Agraria (1932):

“Base 5ª. Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1º. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos (...).

4º. As fincas rústicas de Corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, parcería ou calquera outra forma que non sexa explotación directa (...).

5º. As que polas circunstancias da súa adquisición, por non seren explotadas directamente polos adquirentes (...), deba presumirse que foron compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda.

6º. As que constituíron señoríos xurisdiccionais (...).

7º. As incultas ou manifestamente mal cultivadas (...).”

Doc. 3.-O 21 de setembro de 1932, a Gaceta de Madrid publicou o Estatuto de Autonomía de Cataluña:

Art. 1º. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español, de acordo coa Constitución da República e o presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat (...).

Art. 2º. O idioma catalán é, como o castelán, lingua oficial en Cataluña (...). Dentro do territorio catalán, os cidadáns, calquera que sexa a súa lingua materna, terán dereito a elixir o idioma oficial que prefiran nas súas relacións cos tribunais, autoridades e funcionarios de todas clases, tanto da Generalitat como da República (...).

Art. 11º. Corresponde á Generalitat a lexislación exclusiva en materia civil, agás o disposto no artigo 15, número 1, da Constitución, e a administrativa que lle estea plenamente atribuída por este Estatuto”.

Doc. 4.-Manifeso electoral da Candidatura antimarxista por Madrid (outubro de 1932):

“Os candidatos da coalición antimarxista defenderán resoltamente a necesidade dunha inmediata derogación, pola vía que en cada caso proceda, dos preceptos, tanto constitucionais como legais, inspirados en designios laicos e socializantes (...); traballarán sen descanso para lograr a cancelación de todas as

disposicións confiscadoras da propiedade e persecutorias das persoas, das Asociacións e das crenzas relixiosas (...).

A impedir que a política anticatólica, antieconómica e antinacional, representada polo socialismo e os seus subalternos auxiliares, máis o menos descubertos ou subrepticios, prevaleza ou sequera inflúa predominantemente, como ata agora, na gobernación do Estado, irán vigorosa e enerxicamente encamiñados todos os nosos esforzos”.

SETEMBRO 2002

*A instauración da **Segunda República** supón o inicio dunha serie de **reformas** en diversos ámbitos, como os que aparecen reflectidos nos documentos que se propoñen. Á luz dos textos, debes comentar cada unha das cuestións que se citan neles, sen esquecer tratar no seu conxunto a política de reformas atendendo á caracterización xeral da mesma, ás forzas sociais e políticas que a promoveron e a aquelas que se opuxeron, e aludindo ás derivacións ou desenlace da confrontación en torno a tales medidas.*

Doc.1.-A Constitución de 1931 aborda así a cuestión relixiosa:

Art. 3. O Estado español non ten relixión oficial (...).

Art. 26. Tódalas confesións relixiosas serán consideradas como Asociacións sometidas a unha lei especial.

O Estado, as rexións, as provincias e os Municipios, non manterán, favorecerán, nin auxiliarán economicamente ás Igrexas, Asociacións e institucións relixiosas. Unha lei especial regulará a total extinción, nun prazo máximo de dous anos, do presuposto do Clero. Quedan disoltas aquelas Ordes relixiosas que estatutariamente impoñan, ademais dos tres votos canónicos, outro especial de obediencia a autoridade distinta da lexítima do Estado (...). As demais Ordes relixiosas someteranse a unha lei especial votada por estas Cortes Constituíntes e axustada ás seguintes bases:

1ª. Disolución das que polas súas actividades constituían un perigo para a seguridade do Estado (...).

4ª. Prohibición de exercer a industria, o comercio ou o ensino.

5ª. Submisión a todas as leis tributarias do país.

Doc.2.-O decreto de 23 de abril de 1931 obriga ós militares a prometer fidelidade á República:

A revolución de abril, que por vontade do pobo instaurou a República, extingue o xuramento de obediencia e fidelidade que as forzas armadas da nación prestaran ás institucións hoxe desaparecidas (...), a unha dinastía ou unha persoa. A misión do Exército é soste a independencia da Patria (...).

O Goberno provisional da República decreta:

Art.. 1º. Tódolos xenerais en situación de actividade ou reserva, e tódolos xefes, oficiais e asimilados (...) haberán prestar no prazo de catro días (...) solemne promesa de adhesión e fidelidade á República.

Doc.3.-Lei de Bases da Reforma Agraria (1932):

Base 5ª. Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1º. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos (...).

4º. As fincas rústicas de Corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, aparcería ou calquera outra forma que non sexa explotación directa (...).

5º. As que polas circunstancias da súa adquisición, por non seren explotadas directamente polos adquirentes (...), deba presumirse que foron compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda.

6º. As que constituíron señoríos xurisdiccionais (...).

7º. As incultas ou manifestamente mal cultivadas (...).

Doc.4.-O 21 de setembro de 1932, a Gaceta de Madrid publicou o Estatuto de Autonomía de Cataluña:

.Art. 1º. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español, de acordo coa Constitución da República e o presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat (...).

Art. 2º. O idioma catalán é, como o castelán, lingua oficial en Cataluña (...). Dentro do territorio catalán, os cidadáns, calquera que sexa a súa lingua materna, terán dereito a elixir o idioma oficial que prefiran nas súas relacións cos tribunais, autoridades e funcionarios de todas clases, tanto da Generalitat como da República (...).

Art. 11º. Corresponde á Generalitat a lexislación exclusiva en materia civil, agás o disposto no artigo 15, número 1, da Constitución, e a administrativa que lle estea plenamente atribuída por este Estatuto.

XUÑO 2011

*Os documentos seguintes deben permitirche elaborar un texto sobre **as reformas iniciadas no primeiro bienio da Segunda República**. _a túa redacción debes abordar as seguintes cuestións: Os principais ámbitos de aplicación das reformas, como os mencionados nos docs. 1, 2, 3 e 4; as forzas políticas e sociais promotoras dos cambios; as opostas aos mesmos (doc. 5); a evolución e desenlace da confrontación en torno a tales medidas. Lembra que non se trata de responder a preguntas illadas, senón de realizar unha composición coherente e argumentada, e que na avaliación se terán en conta os coñecementos, a utilización dos documentos e a corrección da expresión escrita.*

Doc.1.- O día 23 de abril de 1931, poucos días despois da proclamación da República, a Gaceta de Madrid publicaba o seguinte decreto:

“A revolución de Abril, que por vontade do pobo instaurou a República en España, extingue o xuramento de obediencia e fidelidade que as forzas armadas da Nación prestaran ás institucións hoxe desaparecidas (...), vínculo de adhesión a unha dinastía ou unha persoa (...).

Art. 1º. Todos os xenerais en situación de actividade ou reserva, e todos os xefes, oficiais e asimilados que non estean na de retirados ou separados do servizo terán que prestar (...) solemne promesa de adhesión e fidelidade á República”.

Doc.2.- No seguinte discurso (13 de outubro de 1931), Manuel Azaña refírese aos principais problemas que debe afrontar a República, prestando especial atención á cuestión relixiosa:

“A revolución política, é dicir, a expulsión da dinastía e a restauración das liberdades públicas, resolveu un problema específico de importancia capital, ¡quen o dubida!, pero non fixo máis que suscitar e enunciar aqueles outros problemas que han transformar o Estado e a sociedade españois ata a raíz. Estes problemas, ao meu curto entender, son principalmente tres: o problema das autonomías locais, o problema social na súa forma máis urxente e aguda, que é a reforma da propiedade, e este que chaman problema relixioso, e que é en rigor a implantación do laicismo do Estado con todas as súas inevitables e rigorosas consecuencias. Ningún destes problemas os inventou a República (...). Refírome a iso que chaman problema relixioso. A premisa deste problema, hoxe político, formúloa eu desta maneira: España deixou de ser católica”.

Doc.3.-Lei de Bases da Reforma Agraria (1932):

“Base 5ª. Serán susceptibles de expropiación as terras incluídas nos seguintes apartados:

1º. As ofrecidas voluntariamente polos seus donos (...).

4º. As fincas rústicas de Corporacións, fundacións e establecementos públicos que as exploten en réxime de arrendamento, parcería ou calquera outra forma que non sexa explotación directa (...).

5º. As que polas circunstancias da súa adquisición, por non seren explotadas directamente polos adquirentes

(...), deba presumirse que foron compradas con fins de especulación ou co único obxecto de percibir a súa renda.

6º. As que constituíron señoríos xurisdicionais (...).

7º. As incultas ou manifestamente mal cultivadas (...).”

Doc.4.-O 21 de setembro de 1932, a Gaceta de Madrid publicou o Estatuto de Autonomía de Cataluña:

“Art. 1º. Cataluña constitúese en rexión autónoma dentro do Estado español, de acordo coa Constitución da República e o presente Estatuto. O seu organismo representativo é a Generalitat (...).

Art. 2º. O idioma catalán é, como o castelán, lingua oficial en Cataluña (...). Dentro do territorio catalán, os cidadáns, calquera que sexa a súa lingua materna, terán dereito a elixir o idioma oficial que prefiran nas súas relacións cos tribunais, autoridades e funcionarios de todas clases, tanto da Generalitat como da República (...).

Art. 11º. Corresponde á Generalitat a lexislación exclusiva en materia civil, agás o disposto no artigo 15, número 1, da Constitución, e a administrativa que lle estea plenamente atribuída por este Estatuto”.

Doc.5.- Manifiesto electoral da Candidatura antimarxista por Madrid (outubro de 1932):

“Os candidatos da coalición antimarxista defenderán resoltamente a necesidade dunha inmediata derogación, pola vía que en cada caso proceda, dos preceptos, tanto constitucionais como legais, inspirados en designios laicos e socializantes (...); traballarán sen descanso para lograr a cancelación de todas as disposicións confiscadoras da propiedade e persecutorias das persoas, das Asociacións e das crenzas relixiosas (...). A impedir que a política anticatólica, antieconómica e antinacional, representada polo socialismo e os seus subalternos auxiliares, máis o menos descubertos ou subrepticios, prevaleza ou sequera inflúa predominantemente, como ata agora, na gobernación do Estado, irán vigorosa e enerxicamente encamiñados todos os nosos esforzos”.

ORIENTACIONES	<p>Desde a proclamación da Segunda República, o goberno republicano-socialista do primeiro bienio puxo en marcha unha serie de reformas de carácter político, económico, social, militar, cultural e educativas. Caracterización xeral da política reformista no primeiro bienio republicano</p> <ul style="list-style-type: none"> • As forzas políticas e sociais que a promoveron • As forzas políticas e sociais que a rexeitaron • <p>As reformas:</p> <ul style="list-style-type: none"> • A separación da Igrexa e o estado (Constitución 1931) • A reforma do exército (Lei Azaña) • A reforma agraria (Lei de Bases da Reforma Agraria) • O recoñecemento da autonomía das rexións (Estatuto de Autonomía de Cataluña) • Organización das forzas contrarias ás reformas
----------------------	--

DOCUMENTOS		CUESTIONES A DESARROLLAR	
1. La Constitución de 1931 Artigos 3 e 26 sobre a cuestión relixiosa	1. Discurso de Azaña nas Cortes sobre a cuestión relixiosa	2. Discurso de Azaña en las Cortes sobre a cuestión relixiosa	<p>-A separación da Igrexa e o estado ou a proclamación do estado laico.</p> <p>-A prohibición de que as institucións públicas financien ás igrexas e ordes relixiosas.</p> <p>-A prohibición de que o clero exerza a ensinanza, a industria e o comercio.</p>

			-A elaboración dunha lei especial que regule as ordes relixiosas (Lei de congregacións relixiosas). -A reacción da Igrexa e dos católicos.
2. Decreto de xuramento de fidelidade dos militares á República (abril 1931)		1. Lei Azaña do exército	-Inicio da reforma do exército iniciada por Manuel Azaña. -A reforma do exército.
3. Lei de Bases da Reforma Agraria (setembro 1932)	2. Lei de Bases da Reforma Agraria (setembro 1932)	3. Lei de Bases de la Reforma Agraria (setembro 1932)	-A situación do campesiñado español en 1931 -Os proxectos dunha lei de reforma agraria e as dificultades. -A aprobación da Lei e a creación do Instituto de Reforma Agraria.
4. Estatuto de Autonomía de Cataluña (setembro 1932)	3. Estatuto de Autonomía de Cataluña (setembro 1932)	4. Estatuto de Autonomía de Cataluña (setembro 1932)	-O modelo territorial da República: estado integral compatible co recoñecemento da autonomía local, provincial e daquelas rexións que o solicitasen. -As reivindicacións de Cataluña, Provincias vascas e Galicia. -Elaboración e aplicación do Estatuto catalán.
	4. Manifesto antimarxista (outubro 1932)	5. Manifesto antimarxista (outubro 1932)	-Reacción contra as reformas . Católicos conservadores e diferentes grupos sociais descontentos preparan unha gran coalición de dereitas para presentarse ás próximas eleccións. - Dificultades do goberno reformista (Casas Viejas, Sanjurjo...) - Reorganización da dereita
CONCLUSIONES	O primeiro bienio republicano caracterizouse polo elevado número de profundas reformas coas que republicanos e socialistas confiaban en modernizar España e procurar a súa mellora social, económica e cultural. Pero as medidas, unhas por demasiado radicais e outras pola tardanza en poñerse en práctica fixeron que se multiplicasen as protestas de todo tipo e signo. A ruptura da coalición de goberno entre republicanos e socialistas levou ao presidente Alcalá Zamora a convocar novas eleccións en novembro de 1933, que gañou unha coalición de partidos de dereitas, a CEDA. Esta coalición apoiou a un goberno do Partido Republicano Radical, a cambio de paralizar ou anular as reformas iniciadas no bienio anterior.		

CRITERIOS DE AVALIACIÓN/CORRECCIÓN

-Contextualización da instauración da Segunda República e caracterización básica das forzas que asumen dende o poder a realización desta política de reformas.

-Exposición dos principais ámbitos de actuación, especialmente os reflectidos nos documentos, aludindo ás forzas e intereses aos que se enfrontaron:

- a. A cuestión militar, e a posición de boa parte da oficialidade.
- b. A reforma relixiosa, en relación coa cuestión educativa, e a posición contraria da xerarquía católica.
- b. A reforma agraria, atentatoria contra os intereses dos grandes propietarios agrarios.

c. O recoñecemento da autonomía catalá, extensible a outras nacionalidades históricas, agravio para os defensores da “unidade de España”.

-A caracterización, no esencial, tanto das forzas políticas promotoras como das opostas a tales medidas.

-A confrontación constante entre posturas reformistas e progresistas por unha banda e conservadoras e tradicionalistas pola outra como esencial na evolución da República; a este respecto é pertinente que se mencionen etapas posteriores ao bienio reformista, e mesmo que se aluda a unha Guerra Civil que ten a súa razón de ser nesta mesma conflictividade.

-Como coñecementos específicos, débense valorar achegas como a identificación de protagonistas como Manuel Azaña, as mencións concretas de forzas políticas relevantes, así como unha certa precisión cronolóxica no tratamento do período.